

FULL EXAM 1ºBACH · BOLETÍN DE REPASO

1. GRAMÁTICA

- a. Tema e reflexión sobre un texto. Que titular lle porías a esta noticia? Cres que está xustificado o peche do marisqueo? Emprega info do texto.

O Intecmar (Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño da Galiza), organismo dependente da Consellaría do Mar, **ordenou** a deshora, “desde hoxe e á présa”, o feche da actividade marisqueira na ría de Muros e Noia por niveis elevados da toxina paralizante dos moluscos (PSP). O paro no marisqueo afecta de súpeto a 140 embarcacións e un cento de mariscadoras, 30 de Muros e 70 de Noia, que xa non **poderán traballar** acotío.

Abofé, este feche cautelar é para todas as especies, porén a confraría de Muros **enviará** mañá novas mostras de berberecho e navalla, **agardando** que polo menos, se callar, este último bivalvo non estea afectado. Para que a prohibición sexa levantada, os laboratorios teñen que emitir dous resultados negativos en biotoxinas, **amosando** que non as hai “en ningures”. Velaí que, polo momento, a presenza de toxina **adía** 15 días o comezo da campaña marisqueira de Noia.

Hogano, sabemos que a PSP (polas súas siglas en inglés, *Paralytic Shellfish Poisoning*) é un grupo de biotoxinas mariñas representadas principalmente pola saxitoxina e os seus derivados, as goniatoxinas ou goniautoxinas. Estas biotoxinas afectan o sistema nervioso provocando parálise muscular. O período de incubación da intoxicación por PSP é duns 30 minutos -paseniño- despois da ingestión dos moluscos e o cadro clínico **comeza** con proído ou queimazón nos beizos, na lingua e na cara. De repente, **aparece** entumecemento muscular en colo, brazos e pernas, con dificultade nos movementos e dificultade para falar. A intoxicación pode **rematar** na morte por parada cardiorrespiratoria, sendo máis sensíbeis as crianzas e as persoas maiores. Xunto a PSP, na Galiza tamén son frecuentes a ASP (toxina amnésica) e a DSP (toxina diarreica). Endexamais as **quereríamos** na casa.

Nós Diario, 03/05/23 (adaptado)

- b. Morfoloxía: sinala o tipo de palabra das subliñadas no texto.
- c. Pronome persoal: elixe ‘te’ ou ‘che’ (rodea a correcta en cada caso)
- Nunca *te/che* dixen canto *te/che* quero.
 - Recóllote/*che* á saída do instituto, pola parte traseira.
 - Recollereite/*che* o cuarto para que non se asusten os invitados.
 - Profe, *vinte/che* onte pola rúa!
 - Profe, *vinte/che* o carro aparcado no peirao: coidado non *to/cho* leve a marea!
- d. Pronome persoal: coloca en próclise ou énclise e xustifica.
- Doe o pé. (me)
 - Non doe o pé. (me)
 - Oxalá conte pronto o que pasou! (lles)
 - Queremos que digas a verdade. (nos)
 - Sairemos da aula cando poñades de acordo. (vos)
 - Agarrade que cae! (a)
- e. Pronome persoal: cal é a función sintáctica dos pronomes do apartado anterior?
- f. Verbo: indica tempo, modo, persoa e segmenta as formas verbais en letra grosa (do texto)
- g. Verbo: conxuga o infinitivo flexionado cando puideres.
- Ao chegar, vimos que estaba todo estrado polo chan.
 - Por facer o exercicio tan á presa, saíunos mal.
 - Vou comer á casa da miña tía.
 - Tentáronme ao me chamar para ir de festa ás doce da noite.
 - Cala, que senón non podemos escoitar o que di a radio!
- h. Indica a diferenza entre os pares: é/e, por/pór, de unha/dunha, ademáis/ademais, nadie/ninguén

2. SOCIOLINGÜÍSTICA

- Definición de conceptos básicos: monolingüe/plurilingüe, conflito lingüístico, diglosia, reintegracionismo, normalización/substitución, lingua maioritaria/minoritaria, lingua minorada/hexamónica, neofalante/paleofalante
- Etimoloxía práctica: sinala o termo derivado destes e comenta as evolucións: CEPULLA, CATENA, SEMPER, REGE, ILLA, PACARE, FOCCO, LUNAM, HOMINEM, VILLAM, FILIUM
- Orixes da lingua: desenvolve a teoría dos estratos, citando todos eles e a súa maior ou menor importancia
- Lingua medieval: galego-portugués. Comenta o contexto do idioma empregado na Galiza 1000-1500.
- Lingua nos séculos escuros: galego 'dialectalizado'. Desenvolve o tema dos axentes castelanizadores na época 1500-1800.
- Lingua no rexurdimento: galego 'castelanizado'. Conta o que saibas do proceso provincialista e das implicacións que tivo nas reivindicacións lingüísticas.

3. LITERATURA: di a que período pertence cada unha das composicións e fai un comentario dela.

- Cantigas medievais: comentario cantiga (xénero, subxénero, resumo, símbolos, estilística)
- Literatura popular: clasificación temática, resumo e contexto
- Autorías do Rexurdimento: comentario poema (eu lírico, destinatario, tema, resumo, autoría, lingua)

1	A vós, Dona abadessa, de mim, Dom Fernando Esquío, estas doas vos envío,	(doas= agasallo/regalo)
5	porque sei que sodes essa dona que as merecedes: quatro caralhos franceses e dous aa prioressa.	(prioressa= monxa superior)
10	Pois sodes amiga minha nom quero a custa catar, quero-vos já esto dar ca nom tenho al tam aginha: quatro caralhos de mesa que me deu ãa burguesa, dous e dous ena baina.	(custa catar= dicir o prezo) (ca= pois) (al= nada máis) (aginha= présa) (baina= saco)
15	Mui bem vos semelharám ca sequer levam cordões de senhos pares de colhões; agora vo-los darám: quatro caralhos asnaes, 20 enmanguados em coraes com que calhede a mam.	(sequer= incluso) (cordões= lazos) (senhos = sendos) (asnaes= de asno/burro) (“envoltos en corazóns”) (calhede= enchas)

Este pandeiro que toco
por moito que repenique
non teñas medo que rompa
q'éche de pel de cacique.
Ailalala, ailalala!

Cando eu me atopare
de donos liberto
i o pan non me quiten
trabucos e préstemos,
e como os do abade
frozcan meus eidos,
chegado habrá estonces
o maio que eu quero...

Queredes castañas
dos meus castiñeiros? ...
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.